

A configuración do Imperio español no século XVI.

A herdanza de Carlos I. Os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandres, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra.

As diversas vicisitudes polas que atravesou a nova monarquía hispánica entre a morte de Isabel (1504) e Fernando (1516) deixaron os reinos peninsulares en mans dos intereses dunha dinastía xermánica, os Habsburgo.

A herdanza de Carlos I (1516-1556).

Carlos de Habsburgo, neto dos RRCC e nado en Gante en 1500, herdou o trono da Monarquía Hispánica en 1516, tras a morte dos seus avós, Isabel (1504) e Fernando (1516), e a de seu pai, Filipe de Habsburgo (1506), e a incapacitación da súa nai, Xoana a Tola. Consolidaba así a unión dinástica iniciada polos seus avós maternos.

Carlos I recibiu un territorio amplo e heteroxéneo que agrupaba os dominios de tres coroas: Castela, incluíndo as súas posesións (Canarias, as Indias, prazas do norte de África); Aragón con Sicilia, Sardeña, Nápoles; e Borgoña, con Flandres e o Franco Condado. Á morte de Maximiliano de Habsburgo (1519), o seu avó paterno, recibía os dominios familiares (Austria) e logrou, coma el, ser elixido emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico (1521). Como tal convertíase en cabeza da *Universitas Christiana* e *defensor fidei*. Polo tanto, o imperio de Carlos V seguiu a ser un conglomerado de reinos e estados apenas integrados politicamente coa figura do Emperador como nexo fundamental.

Os intereses imperiais da casa de Habsburgo prevaleceron decote sobre os dos seus reinos hispanos. A aspiracións hexemónicas levárono ao enfrontamento con Francia. A intención de ampliar os dominios italianos provocou graves conflitos co papado, aliado circunstancial de Francia. A defensa da ortodoxia católica e da autoridade imperial desencadeou as hostilidades cos príncipes protestantes alemáns. As pretensións sobre o Mediterráneo e os Balcáns víronse ameazadas polo crecente poderío dos turcos otománs, que chegaron a ameazar Viena (1529).

O custo da política imperial recaeu sobre os dominios hispánicos, especialmente sobre Castela. Esta foi unha das causas da **revolta comuneira** a comezos do reinado (1520-1521). Os ingresos da Coroa, malia a crecente presión fiscal e as abundantes remesas de ouro e prata americanas, foron insuficientes. O emperador houbo de contratar empréstitos con banqueiros alemáns (Welser, Fugger) e xenoveses (Grimaldi, Spinola). A débeda medrou de xeito imparable. En 1557 foi imposible facer fronte ao seu servizo, o que provocou a **bancarrota** da Facenda real.

Enfermo, esgotado e consciente da dificultade de manter unidos tódolos territorios herdados, Carlos renunciou e dividiu as súas posesións en 1555-1556 entre o seu irmán Fernando, quen recibiu os ducados austríacos e o título imperial, e o seu fillo Filipe, quen herdou os dominios hispánicos e borgoñóns máis o ducado de Milán, incorporado polo Emperador en 1525.

Os cambios en tempos de Felipe II.

A diferenza de seu pai, que pasara case todo o reinado ausente dos dominios peninsulares, Filipe gobernou dende Castela e fixou en Madrid a súa capital (1566). A preponderancia de Castela, da que proviñan a meirande parte dos recursos da monarquía, fíxose cada vez máis evidente na Corte: casteláns eran a maioría dos mandos militares e dos altos cargos da administración real, o castelán converteuse na lingua franca da monarquía.

A morte do rei portugués don Sebastião na batalla de Alcazarquivir (1578) deixou vacante o trono luso. Felipe II fixo valer os seus dereitos e, tras un breve conflito, conseguiu que as Cortes portuguesas reunidas en Thomar (1581) o recoñecesen como rei. O proxecto de **unidade peninsular** acariñado polos Reis Católicos fíxose realidade. Ao sumar as posesións lusas creábase un imperio non que “*non se poñía o sol*”.

A defensa do catolicismo converteuse en obsesión da política filipina e a guerra seguiu a ser unha constante do reinado. Tras a paz con Francia (1559), interveu apoiando ao bando católico contra os hugonotes nas *guerras de relixión* que asolaron o país veciño ata 1598. No Mediterráneo, a vitoria da Liga Santa (Venecia, o papado e a monarquía hispánica) en **Lepanto** (1571) freou temporalmente aos otománs.

Con todo, o conflito máis importante e persistente ao que tivo que facer fronte a monarquía filipina foi a **rebelión dos Países Baixos**. O dominio castelán, o autoritarismo real, a crecente presión fiscal e a difusión do calvinismo, especialmente nas provincias setentrionais, desencadearon unha revolta xeral a partir de 1567. A acción dos diversos gobernadores (duque de Alba, Xoán de Austria, Alexandre Farnesio) e o gravoso despregue militar só garantiron a submisión das provincias católicas do sur. Mentres, no norte protestante, apoiado polos hugonotes franceses e Inglaterra, mantívose a rebelión ata o oficial recoñecemento da súa independencia pola monarquía hispana na Paz de Westfalia (1648).

As relacións con Inglaterra, tradicionalmente amigables, foron empeorando tras a subida ao trono do protestante Isabel I (1558). A persecución dos católicos ingleses, os ataques dos corsarios sobre o comercio entre a Península e as Indias e o apoio isabelino aos rebeldes flamengos foron acrecentando a tensión. Finalmente, a execución da católica raíña de Escocia María Estuardo por orde de Isabel decidiu a Felipe II a organizar unha expedición contra Inglaterra. Unha flota reunida en Lisboa (130 navíos e 25.000 homes) partiu da Coruña en 1588 cara Flandres, onde pretendía recoller as tropas de Alexandre Farnesio para a invasión. Os temporais e a acción dos corsarios ingleses esfarelaron a **Armada Invencible**. Aínda que o poderío naval filipino seguiu a ser formidable, a hexemonía da monarquía hispánica comezaba a ser cuestionada.

O custo da política exterior filipina fíxose insoportable para a economía castelá, que daba mostras de crecente debilidade a finais do século XVI. Os enormes gastos derivados das guerras sobrepasaron a capacidade do fisco castelán. As débedas e os seus xuros amoreáronse e a Coroa tivo que declarar a bancarrota (1557, 1576, 1596). Nos últimos anos do século XVI encadeáronse as mallas colleitas e as pestes. Crise, atraso e decadencia era a pesada herdanza que deixaba ao século XVII.